

BASES DO
I CONCURSO DE EDICIÓN DA GALIPEDIA
DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
CURSO 2026-2027

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Conservatorio Superior de Música da Coruña, co obxectivo de promover o uso da lingua galega nos ámbitos da música, da investigación e da divulgación do coñecemento, convoca o **I Concurso de Edición da Galipedia**, dirixido ao estudantado do centro.

Esta iniciativa está inspirada no Concurso de Edición da Galipedia promovido pola Universidade de Santiago de Compostela, adaptando o seu modelo ao ámbito académico e artístico do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Os obxectivos deste concurso son:

- Promover a creación e mellora de contidos relacionados coa música galega na Galipedia.
- Favorecer a presenza da terminoloxía musical galega en espazos de acceso libre.
- Difundir o patrimonio musical galego e as súas figuras máis relevantes.
- Fomentar a participación do alumnado en proxectos colaborativos de divulgación do coñecemento en lingua galega.

1. DESTINATARIOS/AS

Poderá participar o alumnado matriculado no Conservatorio Superior de Música da Coruña durante o curso 2026-2027.

Para participar deberán crear ou mellorar de forma significativa un artigo ou conxunto de artigos na Galipedia empregando unha conta de usuario rexistrada, de maneira que as contribucións poidan ser identificadas e avaliadas.

2. REQUISITOS DOS ARTIGOS

Os artigos presentados deberán estar relacionados exclusivamente coa música galega, incluíndo, entre outros, os seguintes ámbitos:

- Compositoras e compositores galegos.
- Intérpretes e agrupacións musicais galegas.
- Obras musicais de autoría galega.
- Patrimonio musical de Galicia.
- Música tradicional e popular galega.
- Organoloxía tradicional galega.
- Institucións, festivais e iniciativas musicais galegas.
- Investigación musical relacionada con Galicia.
- Interpretación musical en Galicia.
- Composición contemporánea galega.
- Pedagogía musical en Galicia.
- Investigación artística e creación musical vinculada a Galicia.

Serán válidos tanto artigos de nova creación como melloras substanciais de artigos xa existentes.

O xurado valorará especialmente aquelas contribucións que cubran lagoas de contido existentes na Galipedia sobre música galega ou que melloren de maneira significativa artigos que presenten carencias de información, referencias ou calidade lingüística.

3. PREMIO

Establécese un único premio de **200 €**.

O xurado poderá declarar deserto o premio se considera que os traballos presentados non acadan un nivel de calidade suficiente.

O importe do premio estará suxeito ás retencións legais que resulten de aplicación.

4. INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

4.1. Inscripción

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición mediante o formulario habilitado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

<https://forms.gle/j1cifkdkWY9MumBJ7>

O prazo de inscrición permanecerá aberto desde a publicación da convocatoria ata o 31 de marzo de 2027.

4.2. Presentación dos artigos

As contribucións deberán realizarse entre o 15 de setembro de 2026 e o 30 de abril de 2027.

As edicións presentadas deberán ser posteriores á confirmación da inscrición.

5. XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado estará integrado por representantes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e por profesorado do Conservatorio con experiencia nos ámbitos da música e da lingua galega.

Valorarase:

- O rigor e a calidade da información achegada.
- A relevancia dos contidos para o coñecemento e difusión da música galega.
- A corrección lingüística e terminolóxica.
- A adecuación ás normas e recomendacións da Galipedia.
- O volume e impacto das contribucións realizadas.
- A contribución á cobertura de ámbitos pouco desenvolvidos ou inexistentes na Galipedia relacionados coa música galega.

6. RESOLUCIÓN

O fallo do xurado farase público antes do remate do curso académico 2026-2027 e comunicaráselles directamente ás persoas participantes.

A participación neste concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases. A interpretación e resolución de calquera cuestión non prevista nesta convocatoria corresponderá ao xurado e ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega do Conservatorio Superior de Música da Coruña.